

**CONTIDOS****1.ª AVALIACIÓN**

Contidos imprescindibles non vistos o ano anterior por mor da pandemia(V.addenda á programación)

Revisión da flexión verbal e nominal.Formas non persoais do verbo.Infinitivos e participios Verbos irregulares.Sintaxis oracional.

Os xéneros literarios latinos.Épica e historiografía

Toponimia galega.

Expresións latinas(1)/Evolución do latín.Etimoloxía.

Análise e tradución de textos acordes á materia dada.

2.ª AVALIACIÓN

Revisión da flexión pronominal.Oracións simples e compostas.Coordenación e subordinación.Subordinación relativa e adverbial.

Lírica e oratoria.

Lecturas(2)

Expresións latinas(2).Evolución do latín(2).Etimoloxía

Análise e tradución de textos acordes á materia dada.

3.ª AVALIACIÓN

Subordinación sustantiva.Xerundio,xerundivo e supino.Conxugación perifrástica..Panorama xeral da morfosintaxe latina

Teatro.Panorama xeral da literatura latina.

Composición e derivación..Etimoloxía(3)

Análise e tradución de textos acordes á materia dada.

Nota:Os contidos e a súa distribución estarán suxeitos a cambios en función da información que se teña sobre a reválida.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude	10		
Conceptos e procedementos	90	Probas escritas	80
		Traballos	10
		Lecturas	

Haberá un número mínimo de 4 probas escritas por avaliación,abranguendo globalmente tódolos bloques de contidos,malia con distinto peso.As probas escritas complementarase cos traballos prácticos realizados na casa ou en clase e o desempeño do traballo diario na aula.O peso dos bloques 2,3 e 5(morfoloxía,sintaxe e textos suporán o 70% da cualificación das probas escritas quedando o 30% restante para os demais bloques.As probas poderanse centrar en determinados bloques ou ser combinación de todos ou a maioría deles. .A media das probas suporá o 80% da nota complementada polo traballo diario e a actitude ata acadar o 100% da cualificación.A avaliación será continua ,recuperando cada unha a anterior.A nota final sairá das notas parciais de avaliación,contando 1/6 a 1º,1/3 a 2ª e 1/2 a 3ª,sen perxuízo do cumprimento do exposto anterior-mente.Cando o resultado das operacións anteditas sexa un dígito igual ou superior a 5 considerarase a avaliación ou a materia,segundo o caso,aprobada.

No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Non hai lecturas obrigatorias de cara ás ABAU.Dependendo da dispoñibilidade de tempo abordarase as seguintes:Apolo e Dafne/Orfeo e Eurídice.Píramo e Tisbe.Catuli Carmina.O episodio de Lucrecia.

Discursos de Agrícola e Calgaco.Comedia de Plauto e/ou película “Golfus de Roma”.Fábulas de Fedro.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Actividades extraescolares:Este apartado queda no aire polo de agora.A escaseza de alumnos e a actual coxuntura económica e sanitaria dificultan a planificación deste tipo de actividades.Dependemos da coordinación con outros departamentos para que a actividade non sexa pouco rendible.Ó marxe disto,contamos coa posibilidade de acudir a algunha representación de teatro clásico,sempre que sexa pola nosa zona e non supoña un esforzo económico desmedido.

Contribución ó uso das TIC:Utilizar contidos de internet vencellados ós diferentes aspectos da asignatura(v.recursos didácticos)

NOTA: No caso de que a evolución da pandemia impida o desenvolvemento normal do curso,véase a addenda á programación.

